



CONSULTA CIDADÁ PARA A ELECCIÓN DE NOME DE ONCE RÚAS DE FOZ

BASES DO PROCESO PARTICIPATIVO

1. Obxecto:

O Concello de Foz, a través da área de Participación Cidadá, promove un proceso participativo coa finalidade de seleccionar os nomes de once rúas do casco urbano da localidade, fomentando a implicación da veciñanza na configuración do espazo público e da identidade colectiva da vila.

2. Participación:

Poderán participar todas as veciñas e veciños, que poderán presentar as súas propostas tanto de maneira presencial como dixital.

3. Prazo de presentación de propostas:

O prazo para a presentación de propostas estará aberto desde o día **30 de abril** ata o **31 de maio**, ambos incluídos.

4. Forma de presentación:

Para a elaboración de propostas deberá empregarse o formulario anexo. Poderán usarse as seguintes vías:

- **De maneira presencial** nos seguintes puntos:
 - Casa do Concello
 - CENIMA
 - Biblioteca Pública Municipal Salgado Toimil
- **De xeito electrónico**, enviando un correo ao seguinte enderezo: participacioncidada@concellodefoz.es

5. Número de propostas:

Cada persoa poderá presentar un máximo de **tres (3) propostas**.





6. Criterios das propostas:

Quedarán excluídas das propostas as figuras políticas, por estar xa representadas na rúa Corporacións Municipais. Os nomes propostos deberán estar relacionados co Concello de Foz e ter un significado especial ou representativo do municipio e cumprir, polo menos, un dos seguintes criterios:

- Estar relacionados con accidentes xeográficos.
- Referirse a personaxes ilustres relacionados con Foz.
- Poñer en valor mulleres relevantes vinculadas con Foz.
- Calquera outra materia que, coa debida xustificación, sexa de especial importancia para o noso Concello.

Un exemplo disto sería: Rúa do Entroido ou Rúa Cronista Suso Fernández.

Non se admitirán propostas que resulten **ofensivas, discriminatorias ou que incumpran a lexislación vixente.**

7. Proceso de selección:

Unha vez rematado o prazo de presentación:

1. Realizarase unha revisión das propostas recibidas para comprobar que compren cos requisitos establecidos nestas bases.
2. Seleccionaranse aquelas que sexan válidas para pasar á seguinte fase.
3. Abrirase unha **consulta pública e aberta**, na que poderán participar as veciñas e veciños empadroados no municipio.
4. A cidadanía poderá escoller, entre as propostas finalistas, os nomes que mellor representen as once vías públicas, que serán elevadas á xunta de voceiros para deliberación antes da votación definitiva en pleno.

8. Publicidade:

As presentes bases, así como toda a información relacionada co proceso, publicaranse na páxina web do Concello e nas súas redes sociais oficiais.

9. Aceptación das bases:

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra das presentes bases.

O Concello de Foz anima a toda a veciñanza a participar activamente nesta iniciativa, contribuíndo á construción colectiva da identidade do municipio.